



Universidade de Vigo


Servizo de
Deportes

2017/18

LIGA FAIR PLAY

regulamento

1. Modalidades.....	3
2. Participación, inscricións e acreditacións.....	3
3. Sistema de competición.....	4
4. Puntuación por Xogo Limpio.....	7
5. Regulamentos técnicos.....	8
6. Medios Materiais.....	8
7. Accidentes e seguro escolar.....	9
8. Aprazamentos.....	10
9. Réxime disciplinario.....	11



1. Modalidades

A Universidade de Vigo, ao través do súa Área de Benestar, Saúde e Deporte, convoca e organiza as Ligas Universitarias nas seguintes modalidades e categorías:

- Baloncesto Mixto.
- Balonmán Mixto.
- Fútbol 7 Mixto
- Fútbol sala masculino e feminino.
- Rugby 7 masculino e feminino.
- Voleibol Mixto.

2. Participación, inscricións e acreditacións


2.1. Participación

-Poderán tomar parte nas Ligas Universitarias os alumnos, PDI e PAS da Universidade de Vigo.

-Os equipos participantes poderán constituírse libremente, sen restricións relativas ao centro académico ao que pertencen os seus compoñentes.

2.2. Inscricións

- A inscrición realizarase exclusivamente a través do impreso electrónico que podes atopar na web do Área de Benestar, Saúde e Deporte (<http://deportes.uvigo.es>)
- A inscrición ten unha fianza de 30€ que serán devoltos o remate da competición si o equipo non ten ningunha incomparecencia.
- Poderase elixir horario de mañá ou tarde en función da conveniencia de cada equipo, entendendo como mañá o tramo horario comprendido entre as 10 e as 14 h. e como tarde o tramo entre as 14 e 19 h. (hora de inicio dos partidos)
- Os equipos estarán compostos exclusivamente por membros da Comunidade Universitaria de calquera dos 3 Campus da Universidade de Vigo.
- Non se aceptarán inscricións de equipos que non teñan o número mínimo de xogadores.



MODALIDADE	MÁXIMO	MÍNIMO
BALONCESTO	12	7
BALONMÁN	14	9
FUTBOL SETE	16	10
FUTBOL SALA	12	7
RUGBY 7	10	8
VOLEIBOL	12	8

-Cada xogador poderá inscribirse unicamente en dous equipos de distintas modalidades deportivas. En todo caso, o Área de Benestar, Saúde e Deporte non se responsabiliza das posibles incompatibilidades de horario dos xogadores inscritos en dúas modalidades deportivas.

-Cada un dos xogadores dunha modalidade deportiva determinada poderá participar nun só equipo desa mesma modalidade.

-Na ficha de inscrición electrónica existirá a opción de escoller horario de mañá ou de tarde, entendendo como mañá o tramo que vai entre as 9 e as 14 h e tarde o tramo entre as 14 e as 20 h. O Área de Benestar, Saúde e Deporte tentará dar unha resposta axeitada ás preferencias manifestadas polos equipos nesta inscrición.


2.3. Acreditacións

-Os equipos deberán acreditarse ante o árbitro no momento inmediatamente anterior á celebración do partido para comprobar os seus datos na acta. Para iso presentarán como documentos acreditativos o DNI, o pasaporte e o carné de conducir de cada un dos xogadores.

- Os equipos non teñen que recoller ningunha acreditación ni folla de equipo no Área de Benestar, Saúde e Deporte, xa que os árbitros comprobarán os seus datos na acta do partido.

-Os equipos que non se acrediten segundo o procedemento marcado polo Regulamento, serán sancionados por aliñación indebida, tal e como se describe no apartado 1.8.4.2.2 deste Regulamento. O árbitro deberá reflectir na acta esta falta de acreditación.

-Os delegados dos equipos poderán solicitar revisión de fichas e o árbitro deberá dar cumprimento a tal solicitude, ben antes de comezar o partido ou ben durante o primeiro descanso do mesmo. Os xogadores que non estivesen presentes ao remate do primeiro descanso xa non poderán participar no partido.



-Calquera negativa por parte dalgún dos dous equipos a someterse á revisión deberá ser reflectida na acta. Esta negativa será considerada como aliñación indebida.

- É obrigatoria a sinatura dos delegados nas actas dos partidos.

- **Na modalidade de Voleibol Mixto, será obrigatorio manter sempre, como mínimo, 2 chicas en pista.**

2.4. Fichaxes

-Cando un equipo non teña completada a cota máxima regulamentada de xogadores, poderá realizar fichaxes durante a Fase de Campus, sempre que a(s) nova(s) incorporación(s) non estivese(n) previamente inscrita(s) noutro equipo da mesma modalidade deportiva.

-Non se poderán dar baixas de xogadores, salvo por razóns debidamente xustificadas (médicas, académicas, laborais...). A solicitude de baixa deberá ser tramitada por escrito polo delegado do equipo, aportando os correspondentes xustificantes.

-Unha vez rematada a fase de Campus, poderanse facer todas as fichaxes e dar todas as baixas que se estimen oportunas, sempre dentro das cotas que marca o Regulamento.

3. Sistema de competición

3.1. Estrutura

3.1.1. Ligas Internas


As Ligas Internas estrutúranse inicialmente en dúas fases:

-**1ª Fase: Fase de Campus.** Xogarase polo sistema de liga. Ao remate da liga regular, naqueles deportes nos que exista máis dun grupo na división máis alta, xogarase unha fase final que será clasificatoria para a Fase de Intercampus. O Servizo de deportes definirá cada tempada a estrutura destas fases finais en función do número de equipos inscritos e a súa división en grupos.

-**2ª Fase: Fase de Intercampus,** á que acudirán os primeiros clasificados dos tres Campus da Universidade de Vigo en cada modalidade deportiva. Organizarase unha competición masculina e outra feminina por cada modalidade deportiva, coas seguintes condicións:

>Que exista competición desa modalidade deportiva en polo menos dous dos tres campus da Universidade.

>Que exista competición nun dos tres Campus da Universidade e polo menos un equipo inscrito en Liga, dentro dos prazos marcados polo Servizo de Deportes, en cada un dos outros dous Campus, aínda que non se celebre competición.



>O Campus de Vigo aportará dous equipos á Fase de Intercampus nas modalidades de baloncesto masculino, fútbol sala masculino e fútbol 11 masculino.

>Os equipos de fútbol 7 clasificados disputarán a Fase de Intercampus na modalidade de fútbol 11.

3.1.2. Competicións Interuniversitarias

-Os equipos gañadores da Fase de Intercampus representarán á Universidade de Vigo nos Campionatos Galegos Universitarios de deportes colectivos.

-Os equipos que consigan vencer nos Campionatos Galegos obterán o dereito a representar á Universidade de Vigo nos Campionatos de España correspondentes, sempre que a Universidade de Vigo participe neste campionato.

3.2. Modo de puntuación


Establécese o seguinte modo de puntuación:

MODALIDADE	VICTORIA	EMPATE	PERDA
Baloncesto	2	-	1
Balonmán	2	1	0
Fútbol 7	3	1	0
Fútbol Sala	3	1	0
Rugby 7	2	1	0
Voleibol	2	-	0

3.3. Duración dos partidos

Os partidos de Liga Universitaria terán a seguinte duración:

DEPORTE	DURACIÓN DOS PARTIDOS
Baloncesto	4 cuartos de 10 minutos a reloxo corrido, agás os 3 últimos minutos do último cuarto e as posibles prórrogas. 3 minutos de prórroga en caso de empate.
Balonmán	2 tempos de 25 min. a tempo corrido.
Fútbol 7	2 tempos de 25 min. a tempo corrido.
Fútbol Sala	2 tempos de 20 min. a tempo corrido.
Rugby 7	2 tempos de 7 min. a tempo corrido
Voleibol	O mellor de 3 sets de 25 tantos (se hai terceiro set, de 15 tantos).



3.4. Criterios de desempate

- a) Cando interveña nun dos supostos anteriores un equipo que fose sancionado coa resta dalgún punto, este ocupará a última posición de todos os equipos empatados a puntos con el, independentemente dos resultados obtidos cos equipos cos que estivese empatado a puntos.
- b) Se son dous ou mais os equipos empatados, establecerase a súa clasificación tendo en conta os seguintes criterios:
 - 1º.- Os puntos obtidos no(s) partido(s) xogados entre eles, clasificándose en primeiro lugar o que sume máis puntos.
 - 2º.- Maior diferenza de tantos a favor e en contra na suma dos encontros xogados entre eles.
 - 3º.- Maior número de tantos a favor nos encontros xogados entre eles.
 - 4º.- Maior diferenza de tantos a favor e en contra na suma de todos os encontros da competición.
 - 5º.- Maior número de tantos a favor na suma de todos os encontros da competición.

4. Puntuación por Xogo Limpo

Na determinación do resultado dos encontros establécense unas regras específicas para as modalidades de Fútbol Sala, Fútbol 7 e Baloncesto que se aplicarán ao remate dos partidos.

Fútbol Sala e Fútbol 7


Sumaranse goles directamente no marcador do equipo contrario, por conductas antideportivas segundo o baremo seguinte:

5 ou máis tarjetas amarelas	+ 1 gol
Tarxeta Vermella directa (excepto dobre amarela ou cortar coa mán ocasión manifesta de gol)	+ 1 gol
Por conductas antideportivas graves recollidas no acta ou informe arbitral	+ 2 goles

Baloncesto

Sumaranse puntos no marcador do encontro ó equipo contrario, por conductas antideportivas graves segundo o seguinte baremo:

A partir da 5ª falta en cada periodo de xogo	+ 1 punto(por cada falta cometida)
Técnica por conducta antideportiva	+ 3 puntos
Técnica descalificante	+ 6 puntos



Balonmán

Sumaranse puntos no marcador do encontro ó equipo contrario, por conductas antideportivas graves segundo o seguinte baremo:

Exclusión dun xogador	+ 1 gol
Descalificación dun xogador	+ 2 goles

5. Regulamentos técnicos


Para todos aqueles aspectos que non veñan reflectidos neste Regulamento, as Ligas Universitarias rexeranse segundo os seguintes regulamentos técnicos:

- Baloncesto: Regras de xogo da Federación Española de Baloncesto.
- Balonmán: Regras de xogo da Federación Española de Balonmán.
- Fútbol 7: Regras de xogo da Federación Española de Fútbol.
- Fútbol sala: Regras de xogo de Futsal (FIFA).
- Voleibol: Regras de xogo da Federación Española de Voleibol (*).

(*). En Voleibol Mixto, será obrigatorio presentar sempre no campo, un mínimo de 2 mulleres

6. Medios materiais

- O Área de Benestar, Saúde e Deporte facilitará os xogos de petos necesarios para distinguir aos equipos contendentes.
- O árbitro do encontro encargarse de achegar e devolver o material deportivo necesario para a disputa dos partidos (petos, balóns, asubíos, tarxetas, actas...). Para iso terá que cubrir na Conserxeria do Pavillón de Deportes unha folla de préstamo de material e deixar en depósito o seu carné universitario ou calquera outro documento que o identifique.
- O árbitro é o responsable de retirar as actas no Área de Benestar, Saúde e Deporte, cubrilas apropiadamente e devolvelas á finalización do encontro debidamente asinadas polos delegados de ambos equipos e por el mesmo.
- Cando o árbitro designado para dirixir un partido non comparecese, o encontro deberá disputarse en todo caso. O delegado dalgún dos dous equipos requirirá do Área de Benestar, Saúde e Deporte os balóns, actas e demais material necesario para que o encontro se celebre. Os delegados deberán poñerse de acordo para encher a acta e entregala no Área de Benestar, Saúde e Deporte. Os árbitros que non comparecesen sen razón xustificada serán sancionados segundo marca o apartado disciplinario deste Regulamento.



7. Accidentes e seguro escolar

No caso de calquera accidente no transcurso das Ligas Universitarias, os accidentados deberán dirixirse a algún dos seguintes centros médicos:

>Ourense:

-**Complexo Hospitalario Cristal-Piñor.**

Rúa Ramón Puga, 54.

Teléfono: 988 38 55 00.

-**Complexo Hospitalario Santa María Nai.**

Rúa Ramón Puga, 56.

Teléfono: 988 23 09 00

-**Sanatorio do Carme.**

Avda. da Habana, 5.

Teléfono: 988 24 13 00 / 23 09 00

>Pontevedra:

-**Hospital de Montecelo.**

Mourente-Montecelo.

Teléfonos: 986 80 00 00 /01

>Vigo:

- **Hospital Álvaro Cunqueiro**

Estrada Clara Campoamor, 341

Babio-Beadé

36312 Vigo (Pontevedra)

Teléfono: 986811111

-**Centro Médico El Castro.**


R/ Manuel Olivie 11.

Teléfono: 986 41 14 66.

-Os impresos relacionados coa tramitación do accidente na Seguridade Social serán facilitados polo Área de Benestar, Saúde e Deporte de cada Campus.

- No caso de acontecer calquera accidente grave, o máis apropiado é dirixirse ao Servizo de Urgencias do Hospital máis próximo.

- Se se requiren os servizos dunha ambulancia, é imprescindible que esta se dirixa inescusablemente a un dos centros médicos da lista mencionada.



8. Aprazamentos

Deberán ser solicitados polos Delegados dos equipos e atendendo ás seguintes normas:

-Ter unha causa académica de forza maior xustificada: exames, prácticas, viaxes de estudos, etc.

-Enviar un mail ao Área de Benestar, Saúde e Deporte do seu Campus cunha antelación mínima de cinco días respecto da data orixinal de celebración do partido.

-A partir da resposta do Área de Benestar, Saúde e Deporte por mail, cós datos doutro equipo, disporase de 3 días naturais para chegar a un acordo co equipo rival e fixar a nova data e hora de celebración do encontro.

-Os dous equipos terá que enviar de novo por mail a confirmación do aprazamento coa nova fecha e horario.

-Nas dúas últimas xornadas de cada liga non se concederán aprazamentos.


-Todos os encontros aprazados terán que disputarse antes destas dúas últimas xornadas.

-Só se disporá de dous aprazamentos por equipo ao longo de toda a competición.

-En todo mail de solicitude de aprazamento consignaranse os seguintes datos:

- >Modalidade deportiva.
- >Categoría e grupo.
- >Equipo que solicita o aprazamento e equipo contrario.
- >Data e horario do partido.

-Para ter validez, a solicitude de aprazamento o Área de Benestar, Saúde e Deporte enviará un mail coa confirmación da nova data e horario a cada equipo.



9. Réxime disciplinario

9.1. Árbitros e xuíces

-O árbitro representa a única e a máxima autoridade deportiva dentro do campo de xogo.

-A súa función é a de dirixir e xulgar os partidos que forman parte das competicións internas universitarias. Todos os xogadores e delegados dos equipos participantes deberán acatar e respectar as súas decisións.

-Os árbitros deberán ser absolutamente respectados no exercicio da seu labor, non só durante os partidos senón tamén ao seu remate. O Área de Benestar, Saúde e Deporte velará pola protección dos árbitros para garantir a súa independencia.

-Son competencias dos árbitros, ademais daquelas que lles son inherentes segundo os regulamentos técnicos correspondentes, as seguintes:

>Recoller no Área de Benestar, Saúde e Deporte, cada vez que lles corresponda dirixir un partido, o material deportivo necesario (balóns, petos, actas, asubío, tarxetas...) e asinar a folla de préstamo correspondente.

>Comprobar a acreditación dos equipos contendentes. Para iso os equipos deberán entregarlle a folla de inscrición debidamente selada polo Área de Benestar, Saúde e Deporte xunto coas tarxetas universitarias de cada un dos xogadores de cada equipo. O árbitro ten a facultade de aceptar calquera outro método de identificación.

>Cubrir debidamente as actas cos datos necesarios:

-Modalidade deportiva, categoría, grupo e fase da competición.

-Data, hora e instalación deportiva na que o partido se celebre.

-Nome do propio árbitro.

-Nome dos equipos contendentes.

-Nome e apelidos dos xogadores e delegados participantes, agrupados nos seus respectivos equipos.


-Resultado do encontro.

-Calquera incidencia que considere digna de ser mencionada deberá ser reflectida de forma concisa clara e obxectiva, especialmente aquelas derivadas de actos violentos, de faltas de respecto graves ou calquera incidente que perturbase o normal desenvolvemento do encontro, ademais de calquera sospeita relacionada co proceso de acreditación dos xogadores.

>Asinará a acta e coidará de que os respectivos capitáns ou delegados a asinen tamén.

>Facer chegar as actas ao Área de Benestar, Saúde e Deporte inmediatamente despois de rematar os encontros.

>Coidar da aplicación dos regulamentos e resolver as situacións deportivas e disciplinarias que xurdan durante os partidos.



-O árbitro, ademais dos responsables do Área de Benestar, Saúde e Deporte, serán as únicas autoridades con capacidade para determinar se un encontro ten que ser suspendido atendendo a circunstancias (meteorolóxicas, de indisciplina dos xogadores, intervencións inaxeitadas do público...) que se consideren graves.

-Expulsar a todo xogador que cometa unha falta grave ou sexa responsable dunha conduta violenta, conforme aos preceptos do regulamento técnico correspondente.

-Sinalar o principio e a fin de cada partido, así como os descansos, interrupcións ou prórrogas, se as houbese.

-Os árbitros teñen a obriga de comparecer aos partidos para os que sexan designados e facelo co debido rigor. Aqueles que non comparecesen sen razón xustificada serán sancionados co apercibimento de expulsión da competición. A segunda incomparecencia será sancionada coa perda dos seus dereitos como bolseiro. As incomparecencias que o árbitro considere xustificadas deberán estar acreditadas por escrito e valoradas polo Xuíz Único.

9.2. Comités de Competición

9.2.1. Fase de campus

- O Comité estará formado polo Xuíz Único de Competición, que será o Técnico do Servizo de Deportes responsable das Ligas Universitarias en cada Campus.

- O Xuíz Único resolverá no prazo dunha semana dende a celebración do partido e as súas resolucións serán publicadas no taboleiro do Área de Benestar, Saúde e Deporte.

- As resolucións do Xuíz Único de Competición poderán ser recorridas antes de tres días hábiles a contar dende a súa publicación no taboleiro de anuncios do Área de Benestar, Saúde e Deporte ou dende a notificación vía mail da resolución.

9.2.2. Fase Intercampus

- O Comité estará formado polos técnicos de actividades deportivas responsables das Ligas en cada un dos tres campus da Universidade de Vigo.

9.3. Comité de Apelación


- Composición:

- Un Presidente, será o Director do Área de Benestar, Saúde e Deporte.

- Dous Técnicos do Área de Benestar, Saúde e Deporte, un deles pertencente ao Campus no que tivese lugar a competición.

- Un representante dos equipos das ligas universitarias.

- Un árbitro.



- As resolucións do Comité de Apelación esgotarán todas as vías de recurso dentro da organización das Ligas Universitarias.

9.4. Faltas e sancións

Os xogadores e os equipos dos que forman parte poderán ser sancionados polo Xuíz Único de Competición, en virtude dos seus incumprimentos deportivos e disciplinarios, segundo a graduación das faltas que neste Regulamento se establecen. Estas faltas poden ser leves, graves ou moi graves, de carácter individual ou de carácter colectivo.

9.4.1. Faltas de carácter individual

Faltas leves

- A reiteración de accións de protesta contra as decisións arbitrais.
- A descualificación ou expulsión dun partido por causas deportivas.
- A acumulación de tres tarxetas amarelas na mesma fase da competición.

Sancións:

- Ás faltas de carácter leve corresponderalles unha sanción de entre un e catro partidos de suspensión na competición na que se cometeu a falta.

Faltas graves


- Dirixirse aos árbitros, xogadores, traballadores do Área de Benestar, Saúde e Deporte ou espectadores con menosprezo.
- Cometer actos de desconsideración contra os árbitros, xogadores, traballadores do Área de Benestar, Saúde e Deporte ou espectadores.
- Realizar calquera manifestación, de feito ou de palabra, de forma irrespectuosa cara os árbitros, xogadores, traballadores do Área de Benestar, Saúde e Deporte ou espectadores.
- Empregar medios violentos durante o xogo coa intención de producir ou producindo lesión.

Sancións:

- Ás faltas de carácter grave corresponderalles unha sanción que irá dende tres partidos de suspensión na competición na que se cometeu a falta ata a inhabilitación do dereito de participación durante un curso nesa mesma modalidade deportiva.

Faltas moi graves

- Agredir ou tentar agredir a un contrario, a un árbitro, a un traballador do Área de Benestar, Saúde e Deporte ou a un espectador.



- Ameazar, coaccionar ou realizar actos vexatorios, de maneira verbal ou de feito, contra o árbitro, contra outros xogadores, contra os traballadores do Área de Benestar, Saúde e Deporte ou contra os espectadores.
- Insultar ou ofender de forma grave ou reiterada ao árbitro, a outros xogadores, aos traballadores do Servizo de Deportes ou aos espectadores.

Sancións:

- Ás faltas de carácter moi grave corresponderalles unha sanción que irá dende a descualificación por un curso na participación en Ligas Universitarias ata a descualificación a perpetuidade en todas as actividades organizadas polo Área de Benestar, Saúde e Deporte.

9.4.2. Faltas de carácter colectivo

Incomparecencias


- Para que un equipo poida considerarse como presentado a disputar un partido, o número mínimo de xogadores deberá ser o relacionado no seguinte cadro:

Baloncesto	4
Balonmán	6
Fútbol 7	6
Fútbol sala	4
Fútbol 11	9
Voleibol	6

- Si algún equipo non comparece despois de 10 minutos de espera sobre a hora fixada, se considerará incomparecencia.
- As incomparecencias inxustificadas e sen previo aviso serán sancionadas coa perda do encontro e a resta de puntos, de acordo co seguinte cadro:

Modalidade	Resultado	Resta de puntos
Baloncesto	20-0	-1
Balonmán	10-0	-2
Fútbol 7	3-0	-3
Fútbol sala	5-0	-3
Fútbol 11	3-0	-3
Voleibol	2-0	-2

- O Xuíz Único de Competición poderá non aplicar a sanción de resta de puntos cando o equipo infractor avise da súa incomparecencia cunha antelación que se estime suficiente e non sexa reincidente neste tipo de actuacións.



- Cando se sume a segunda incomparecencia inustificada, excluírase automaticamente ao equipo infractor da competición. En ningún caso, os seus integrantes poderán ser inscritos noutro equipo da mesma modalidade deportiva.
- Cando se acorde a exclusión dun equipo da competición ou se produza unha retirada voluntaria, considerarase, aos efectos da clasificación, que o equipo excluído ou retirado non participou na Liga na que en principio competía, **excepto nas dúas últimas jornadas de liga**, donde non se modificarán os datos do equipo descalificado para non desvirtuar a clasificación final, e simplemente se indicará que ten a sanción correspondente a súa modalidade, como equipo descalificado.
- Por acordo do Comité de Competición, e logo de examinar as circunstancias que motivaron as incomparecencias, a exclusión poderá estenderse tamén ao curso seguinte, afectando non só ao equipo como colectivo senón tamén a cada un dos seus compoñentes individualmente.

Aliñación indebida.

Aliñación indebida de carácter moi grave:


- >A aliñación de xogadores que non sexan membros da Comunidade Universitaria.
- Sanción: a expulsión inmediata da competición.

Aliñación indebida de carácter grave:

- >A aliñación de xogadores que non estean anotados na folla de inscrición, incluídas as fichaxes que non estean validadas polo selo do Área de Benestar, Saúde e Deporte.
- >A aliñación de xogadores que foron sancionados e cuxa sanción foi notificada ao delegado do equipo con ao menos dous días de antelación.
- > A negativa a pasar, a petición do árbitro, a revisión de fichas.
- Sanción: perda do encontro, co mesmo resultado que se aplicaría no caso dunha incomparecencia.

Aliñación indebida de carácter leve:

- >A aliñación de xogadores que non presenten a pertinente acreditación.
- Sanción: o delegado do equipo deberá, no prazo de 48 horas dende a publicación da sanción, presentar a seu DNI ou documento acreditativo no Área de Benestar, Saúde e Deporte. De non facelo, a aliñación indebida pasará a considerarse de carácter grave.
- As aliñacións indebidas non prescriben, polo que poderán ser sancionadas en calquera momento da tempada.



9.5. Protestas, reclamacións e recursos

- Os delegados dos equipos poderán formular por escrito ante o Área de Benestar, Saúde e Deporte as observacións, queixas ou suxestións que consideren oportunas en relación co desenvolvemento das Ligas Universitarias en xeral ou dalgún partido en concreto. O Área de Benestar, Saúde e Deporte facilitará os impresos necesarios vía web, nos que usuario deberá reflectir con corrección as incidencias que lle interese expor, aportando as probas pertinentes se as houberse.
- Contra os acordos e decisións do Xuíz Único de Competición ou, no seu caso, do Comité de Competición, poderá interpoñerse recurso de apelación dentro dos tres días hábiles seguintes ao da comunicación do acordo ou decisión que o motivase.
- En ningún caso a presentación de reclamación ou a interposición de recurso suspenderá o cumprimento das sancións acordadas, mentres non se deixen sen efecto.

Vigo, 31 de agosto de 2017

